

A poesía

Un mundo máximo



Quisiera que te sientas como yo me siento
Quisiera ser como tú, sin sentimientos
Quisiera sacarte de mis pensamientos
Quisiera cambiarle el final al cuento
“Amorfoda” Bad Bunny



Por la niña buena, por la niña mala
Y por esa amiga que se vuelve hermana
Por un lunes largo que se hace fatal
Pero llega el viernes y me siento high,
ay
Aitana “Las babys”

ME DA MIEDO CUANDO SALE'
SONRIENDO PA' LA CALLE
PORQUE TODO' PUEDEN VE'
LOS HOYUELITOS QUE TE SALEN
Y DEL AIRE CUANDO PASA
POR LEVANTARTE EL CABELLO
Y DEL ORO QUE TE VISTE

POR AMARRARSE A TU CUELLO
Y DEL CIELO Y DE LA LUNA
QUE TÚ QUIERAS MIRARLOS
HASTA DEL AGUA QUE BEBES
CUANDO TE MOJA LOS LABIOS

PIENSO EN TU MIRÁ', TU MIRÁ' CLAVÁ'
ES UNA BALA EN EL PECHO
Rosalía “Pienso en tu mirá”

Que é a poesía?





“Ollos que choraron, xa
non volverán chorar”

“Un paso adiante i outro atrás,
i a tea dos teus sonos non se move”

Lois Pereiro



Poderíano escoller como epitafio

Cúspideme enriba cando pasedes
por diante do lugar no que eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida, de furia necesaria.

Métrica

FACTORES QUE AFECTAN AO CÓMPUTO:

1. A POSICIÓN DO ACENTO NA ÚLTIMA PALABRA DO VERSO:

- c) Se o verso remata en palabra aguda, súmase unha sílaba máis:

Esperta do teu sono	7
Fogar de <u>Breogán</u>	6+1

- b) Se o verso remata en palabra esdrúxula, réstase unha sílaba:

Rei Artur fica en silencio	8
Os ollos cheos de <u>bágoas</u>	9-1

- a) Se o verso remata en palabra grave, non pasa nada:

Nunca virá de fóra	7
Remedio ou esperanza	7



Licenzas

2.1. **SINALEFA**: Se unha palabra acaba en vogal e a seguinte comeza por vogal cóntase nunha única sílaba:

Do mar pola orela (Do- mar- po-la o – re – la)

2.2. **HIATO**: É o contrario da sinalefa; prodúcese cando non se une a vogal final dunha palabra coa vogal inicial da seguinte porque se precisa unha sílaba métrica

2.3. **SINÉRESE**: consiste en **pronunciar** nunha única sílaba, formando ditongo, dúas vogais que están en hiato; deste modo redúcese unha sílaba métrica (pa-seo).

2.3. **DIÉRESE**: trátase de **pronunciar** separadamente as dúas vogais que forman ditongo; engádese así unha sílaba máis (can-ci-ón)





Oliveira dos cen anos
cría raíces de prata
tomar amores non custa
olvidalos si que mata
olvidalos si que mata
eu non os quero esquecer
na ledicia son celeste
celtista no padecer"

CLASIFICACIÓN DOS VERSOS SEGUNDO A SÚA MEDIDA

VERSOS SIMPLES

DE ARTE MENOR

Teñen entre 2 ou 8 sílabas:

Bisílabos (2)
Trisílabos (3)
Tetrasílabos (4)
Pentasílabos (5)
Hexasílabos (6)
Heptasílabos (7)
Octosílabos (8)

DE ARTE MAIOR

Teñen 9 ou máis sílabas:

Eneasílabos (9)
Decasílabos (10)
Hendecasílabos (11)

VERSOS COMPOSTOS


Formados por dous versos simples separados por unha **cesura** que os divide en dous **hemistiquios**.

Teñen máis de 12.


Dodecasílabos (12: 6+6 / 8+4 / 7+5)
Alexandrinos (14)



**-Miña Santiña,
Miña Santasa,
Miña cariña
De calabasa.
Ei d' emprestarvos
Os meus pendentes,
Ei d' emprestarvos
Ó meu collar;
Ei d' emprestarcho,
Cara bonita,
Si me deprendes
A puntear.**



**—Costureiriña
Comprimenteira
Sacha no campo,
Malla na eira,
Lava no rio,
Vay apañar
Toxiños secos
Antr' ó pinar.
Asi á meniña
Traballadora
Os punteados
Deprende ora.**



**—Miña santiña,
Mal me quixere
Quen m' aconsella
Que tal fixere.
Mans de señora,
Mans fidalgueiras
Teñen todías
As costureiras ;
Boca de reina
Corpo de dama,
Comprell' á seda,
Foxen d' a lama.**

A rima pode ser:

Rima consoante

Rima asoante

A partir da última vogal acentuada coincidem todas as vogais e consoantes:

Adios, adios, que me vou,	a
Herbiñas do campos <u>anto</u>	b
Onde meu pai se enterrou,	a
Herbiñas que biquei <u>tanto</u>	b
Terra que vos criou,	a

(Rosalía de Castro)

A partir da última vogal acentuada só se repiten as vogais:

Caminiño branco	-
Que cruzas o val,	a
Por que vas tan ledó	-
Por entre a mañá?	a



Oliveira dos cen anos
cría raíces de prata
tomar amores non custa
olvidalos si que mata
olvidalos si que mata
eu non os quero esquecer
na ledicia son celeste
celtista no padecer"

Nesa beleza celeste
pérdome cando te miro
que fácil é confundilos
cas ondas do mar de Vigo

Conto cada día da semana
para que me deas de esa morte
conto cada día da semana
sei que este domingo vou ter sorte





Versos **brancos**: non riman, pero están suxeitos a medida e ritmo

Versos **libres**: carecen de rima e medida, pero teñen ritmo

Versos **soltos**: non teñen rima, pero forman parte dunha composición na que si existe a rima.

Pende en que pende
Penélope pensativa perde
novelo nove novamente canto

O lobo! Os ollos o
lombo do lobo...



Aliteración

Repeticións dun son en palabra próximas para conseguir un efecto expresivo. Normalmente acompaña ao significado do verso ou da estrofa.

- ❖ A, e, i: claridade
- ❖ O, u: escuridade
- ❖ S e f: movemento ou chifro
- ❖ P, t, k: estalido
- ❖ R: rotundidade, solemnidade ou vibración
- ❖ N e m: sensualidade
- ❖ L e f: suavidade

COUSOS do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde niguén foi nin ha d'ir!
O lobo! Os ollos o lombo do lobo!
Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos





Paranomasia

Colocación próxima de palabras con significantes parecidos, pero significado diferente

na última CAUSA soña toda a
COUSA.

Calambur

Reagrupación de sílabas para dar outro sentido

arrula a rula seu agarimo terso



Onomatopeas

Imitación fonética de sons reais

0 despertador petaba
tic-tac, tic-tac




Paralelismo


Todo é agora silencio violento, que me fire,
impide sorber aire, non deixe que respire,
comido pola fame de non reter memoria.

Todo agora é silencio seco, que me tortura
e sinto estar ben preto dos lindes da loucura,
de non ter noción ou idea da miña vella historia.

Miro Villar




Anáfora




Vexo contigo estes ceos
vexo estas brancas auroras
vexo estes campos froridos
(R. de Castro)

Epífora



Lonxe de vós, inda máis **lonxe. Lonxe, lonxe**
Lorenzo Varela


Hipérbato



De cereixa os teus labios beixei

Asíndeto

Polisíndeto



Cantádeme un maio sin bruxas
nin demos; un maio sin segas,
usuras **nin** preitos, sin quintas,
nin portas, **nin** foros, **nin** cregos.

M. Curros Enríquez

Metáfora

Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están tamén de
pedra. Celso Emilio



Metáfora

Por eso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.



O amor foi un
trallazo moi forte
que rompeu a
ventá. E quedou
rota para sempre.
Eu limpei do chan
os cristais.
Corteime con eles
en tódolos dedos.
Lupe Gómez

Metáfora



Metáfora

Eu a ollar pro lume
i o lume a ollarme.
O lume sin queimarme
fai de min fume...



Eu xa te busquei
cando o mundo era unha
pedra intaita.

Cando as cousas
buscaban os seus nomes,
eu xa te buscaba.

Eu xa te namorei
cando o amor era unha folla branca.
Cando a lúa namoraba as outas cumes,
eu xa te namoraba.

Sempre,
dende a neve dos tempos,
eu, na túa ialma.

Metáfora



Personificación

Hoxe casan os paxaros
(Amado Carballo)

Como doe o silencio cando o
amor acaba Pilar Pallarés



Antítese

Maio longo..., maio longo
todo cuberto de rosas,
para algúns telas de **morte**,
para outros telas de **vodas**.
Rosalía de Castro



Hipérbole

Cantaban **tódalas aves**
do mundo na ramallosa
florida.

Méndez Ferrín



Simil

O vento do Norte, fríó e seco
coma unha coitela.

X. L. Méndez Ferrín



Metonimia

Fun ó Ribeiro por **viño** e
emborrachoume unha nena.

Non quero máis do **ribeiro**
que inda me doe a cabeza.

Cantar Popular

